



## **MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATO PARA A PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE PROCURADORÍA DOS TRIBUNAIS PARA O CONCELLO DE VIGO**

### **1. OBXECTO (art. 99 LCSP)**

O obxecto do contrato é a conclusión dun acordo marco do que deriven contratos de servizos por medio dos cales se leve a cabo a prestación por parte dos licitadores que resulten adxudicatarios, das funcións propias da profesión de procurador dos Tribunais, en exercicio e segundo resulte esixible do seu propio conxunto de deberes, fixado legal, regulamentaria e estatutariamente polas normas propias do seu estatuto profesional, colexial e polas diferentes normas procesuais, segundo dispoña cada unha delas.

A prestación dos servizos producirase naqueles procedementos nos cales figure o Concello de Vigo (e resto de entidades de dereito público defendidas por este) como demandante, demandado ou en posicións procesuais equivalentes (interesado, codemandado, etc.).

### **Lotes (art. 99.3 LCSP)**

O ámbito territorial de prestación do servizo correspóndese coa xurisdición perante a cal figure o Concello de Vigo (e resto de entidades de dereito público defendidas por este, no seu caso) como demandante, demandado ou en posicións procesuais equivalentes, de conformidade coa proposta de división en lotes.

A división en lotes ven xustificada en que a prestación do servizo comporta actuacións en partidos xudiciais diferentes, nomeadamente aqueles onde teñen a súa sede os órganos xurisdicionais competentes para o coñecemento dos asuntos nos que o Concello de Vigo e entes dependentes son parte (Lei 6/1985, Lei 38/1988 e Lei 29/1998):

- Lote 1 (partido xudicial de Vigo)
- Lote 2 (partido xudicial de A Coruña)
- Lote 3 (partido xudicial de Madrid)

- Nº de lotes para os que un mesmo candidato ou licitador pode presentar oferta: un (1)

Consonte ao establecido no art. 99.4.a) LCSP, e co obxectivo de preservar unha competencia efectiva, e favorecer a diversificación en varios contratistas, limitase a 1 o número de lotes ao que un mesmo candidato ou licitador pode presentar oferta.

No vixente arancel de Procuradores (RD 434/2024, de 30 de abril) non se establece restrición na negociación da porcentaxe de baixa respecto dos dereitos do arancel, polo que con esta limitación preténdese favorecer tamén a participación de profesionais da Procura non integrados en sociedades profesionais ou civís, dándolles a oportunidade de participar na contratación pública. A finalidade principal das anteditas sociedades é a de

Praza do Rei, 1 36202 Vigo (Pontevedra) - (986) 81 02 19 - ofi.asegur@vigo.org



Copia do documento - Concello de Vigo  
17501-111

Data impresión: 21/10/2024 11:05 Páxina 1 de 14  
CSV: A2AH5F-84E253-A1CD5E-BEGHKV-A3UZM9-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

## ASESORÍA XURÍDICA

## CONCELLO DE VIGO



compartir infraestrutura e distribuír os seus custes e en consecuencia sería probable que lograsen a adxudicación de varios lotes.

Esta limitación entendemos que tamén garante a fiabilidade e calidade da prestación do servizo, xa que a prestación do servizo comporta actuacións con fortes compoñentes de presencialidade e inmediatez en partidos xudiciais diferentes, que en ocasións incluso poden ser simultáneas.

### 2. XUSTIFICACIÓN DA INSUFICIENCIA DE MEDIOS (art. 116.4.f LCSP)

Cos medios persoais dispoñibles (en canto a persoal letrado, técnico e administrativo) resulta necesario asegurar a cobertura de certos asuntos como acontece nos casos de desprazamento a outro partido xudicial, en caso de foro xudicial electivo, ou nos casos de recursos contra disposicións de carácter xeral (instrumentos de planeamento, ordenanzas, regulamentos) e asuntos da competencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, e en xeral, todo o relativo ás segundas e posteriores instancias, o que fai necesario contar con persoal externo para concretas funcións de representación, máxime ao ter que compatibilizar a defensa municipal coa función consultiva este órgano.

Por outra banda, os medios materiais e o estado das aplicacións dispoñibles aínda presentan certas limitacións que non permiten prescindir da acción de profesionais para solventar situacións que se producen no mesmo día no que se recibe unha notificación ou requirimento, ou en caso de fallo de calquera clase nos sistemas informáticos que requira achega presencial de documentación ou información, ou incidencias nos mesmos, etc.

En canto ao sistema LexNET non foi posible a integración nun entorno de probas, polo que se tiveron que desenvolver ferramentas ad hoc e traballos de actualización de guías de tramitación e de identificación de trámites e datos clave para facilitar as tarefas manuais de incorporación na Xestión de expedientes municipal de cada un dos documentos que conforman a notificación. Dados os avances levados a cabo por esta administración municipal na estrutura de datos dos expedientes que documentan os procedementos xudiciais, a finais do ano 2023 púxose en funcionamento un Proxecto Piloto para a automatización da descarga de notificacións recibidas a través do sistema LexNET e a súa integración na aplicación municipal de Xestión de expedientes, cuxa prestación principal foi o desenvolvemento dunha aplicación de descarga automatizada de notificacións recibidas a través de LexNET integrada, interconectada e adaptada ao sistema municipal de Xestión de expedientes. Se ben esta aplicación mellorou a eficiencia administrativa, a súa implantación aínda é moi recente e procede afondar no proceso de transformación dixital de xeito que se acade un completo axuste ao fluxo do proceso, non sendo posible neste momento avaliar co debido rigor a súa fiabilidade e operatividade plena con relación ás necesidades deste órgano municipal.

No eido do envío telemático dos expedientes administrativos mediante a aplicación INSIDE continúa pendente a resolución de incidencias formuladas por esta administración

Praza do Rei, 1 36202 Vigo (Pontevedra) - (986) 81 02 19 - ofi.asegur@vigo.org



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 21/10/2024 11:05

Páxina 2 de 14

17501-111

CSV: A2AH5F-84E253-A1CD5E-BEGHKV-A3UZM9-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

## ASESORÍA XURÍDICA

## CONCELLO DE VIGO



municipal na plataforma relacionadas principalmente coa visualización desordenada do expediente cando o recibe o órgano xudicial ou coa capacidade da aplicación. Esta funcionalidade resulta completamente allea ás competencias e intervención municipal, polo que depende doutras administracións que o seu funcionamento sexa suficientemente fiable e interoperable como para traballar de modo estable co mesmo, o que terá incidencia sobre determinadas prestacións dos contratos derivados deste acordo marco.

Asemade, a Administración de Xustiza atópase inmersa nun proceso de cambio e dixitalización, que está dando lugar a constantes cambios normativos, medidas e reformas.

En consecuencia, este contexto actual non permite garantir que a prestación da recepción e envío dos documentos procesuais e/ou expedientes e resolución de incidencias se poida cumprir en igualdade de condicións que contando cun contrato de procuradoría.

### 3. PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E FORMA DE TRAMITACIÓN

O artigo 218 da LCSP permite concluír acordos marco dos que derivan os contratos a adxudicar. Estes contratos son contratos de servizos, en aplicación do artigo 17 da LCSP, con número CPV: 79112000-2 Servizos de representación xurídica, incluída no Anexo IV da LCSP (servizos xurídicos distintos dos referidos no artigo 19.2.d).

O acordo marco resulta procedente tramitalo polo procedemento aberto, e ordinario.

### 4. PRAZO DE EXECUCIÓN E PRÓRROGA (art. 29 LCSP)

O prazo de execución do acordo marco é de dous anos; sen prexuízo de que a duración dos contratos derivados que se adxudiquen durante a vixencia do acordo marco excedan na súa duración a este (arts. 219.2 e 219.3 LCSP). A duración de cada contrato derivado de servizos estenderase ata a conclusión do respectivo procedemento xudicial e que inclúe o mantemento da cobertura do seguro requirido no prego ata a finalización do proceso.

E establécense dúas prórrogas do acordo marco dun ano de duración cada.

Este prazo de duración inicial do acordo marco e as eventuais prórrogas resultan adecuados nas circunstancias actuais existentes, dado o continuo proceso de transformación dixital e procesual da Administración de Xustiza e as novas esixencias que en consecuencia van xurdindo, que poden determinar nun futuro cambios nas necesidades ou prestación do servizo.

Praza do Rei, 1 36202 Vigo (Pontevedra) - (986) 81 02 19 - ofi.asegur@vigo.org



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/10/2024 11:05	Páxina 3 de 14
17501-111	CSV: A2AH5F-84E253-A1CD5E-BEGHKV-A3UZM9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

## ASESORÍA XURÍDICA

## CONCELLO DE VIGO



### 5. SOLVENCIA

Os requisitos solicitados na presente contratación de conformidade co establecido no artigo 74 da LCSP, están directamente vinculados co obxecto do contrato e son totalmente proporcionais, considerándose deste modo que a aportación da requirida solvencia garantirá a capacidade do adxudicatario para contratar coa Administración.

#### **Solvencia económica-financieira (art. 87 LCSP)**

- Disposición dun seguro de indemnización por riscos profesionais, vixente ata o fin do prazo de presentación de ofertas, que cubra suficientemente os posibles danos persoais e materiais, así como os prexuízos que puidesen causarse aos seus clientes ou terceiros, por importe igual ou superior a 450.000 euros, aportando ademais o compromiso da súa renovación ou prórroga que garanta o mantemento da súa cobertura durante toda a execución do contrato. Este requisito entenderase cumprido polo licitador ou candidato que presente unha declaración responsable de subscrición de dito seguro, e no caso de resultar adxudicatario, deberá acreditarse dentro do prazo de dez días hábiles ao que se refire o artigo 150.2 da LCSP (art. 87.3.b LCSP).

Acreditarase por medio de certificado expedido polo asegurador, no que consten os importes e riscos asegurados e a data de vencemento do seguro, e mediante o documento de compromiso vinculante de subscrición, prórroga ou renovación do seguro. Admítese que a condición de tomador do seguro a ostente o Colexio de Procuradores ou o Consello Xeral dos Procuradores dos Tribunais, constando a adhesión do procurador/a á póliza, como asegurado.

Xustificación: Considerase apropiado este medio dado que o exercicio desta profesión, en xeral, non require da existencia dunha organización nin contar cuns determinados medios financeiros, senón que pode ser exercida individualmente, como é o habitual en condicións de mercado.

#### **Solvencia técnica (art. 90 LCSP)**

- Relación dos principais servizos ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato, realizados nos últimos tres anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado, dos mesmos.

Como mínimo deberá acreditarse a intervención profesional como procurador/a en alomenos 150 procedementos xudiciais ante calquera clase de xurisdición de forma acumulada nos últimos tres anos.

Non se computarán a tales efectos as pezas separadas ou incidentes con substantivade propia, tales como medidas cautelares, suspensións, taxacións de custas ou execución de títulos xudiciais.

Praza do Rei, 1 36202 Vigo (Pontevedra) - (986) 81 02 19 - ofi.asegur@vigo.org



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/10/2024 11:05	Páxina 4 de 14
17501-111	CSV: A2AH5F-84E253-A1CD5E-BEGHKV-A3UZM9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

## ASESORÍA XURÍDICA

## CONCELLO DE VIGO



Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados, xa sexa polos letrados da administración de xustiza dos órganos xurisdiccionais ante os que teña intervido, polos secretarios da Administración Local, ou polos órganos competentes das entidades do sector público ou privado ás que tivera representado. Cando o destinatario sexa un suxeito privado, tamén poderá acreditarse mediante unha declaración do empresario acompañado dos documentos obrantes en poder do mesmo que acrediten a realización da prestación.

En caso de empresas de nova creación (aquela que teña unha antigüidade inferior a cinco anos, art. 90.4 LCSP), a solvencia técnica acreditarase polo seguinte medio:

- Declaración indicando a maquinaria, material e equipo técnico do que se disporá para a execución dos traballos ou prestacións, á que se achegará a documentación acreditativa pertinente cando lle sexa requirido polos servizos dependentes do órgano de contratación (art. 90.1.h da LCSP).

Xustificación: Considerase que este requisito permite asegurar unha experiencia mínima dos licitadores, esixible dada a transcendencia dos asuntos, e que en ningún caso resulta desproporcionada dita esixencia, nin limitadora da libre concorrência efectiva.

### **Habilitación profesional**

Certificación ou documento acreditativo semellante do Colexio Oficial de Procuradores no que conste que está inscrito como colexiado exercente.

Xustificación: O artigo 1.3 da Lei 34/2006, de 30 de outubro, sobre o acceso ás profesións de Avogado e Procurador dos Tribunais, establece que para poder desempeñar, é dicir, exercer a profesión de procurador é necesario estar en posesión do título profesional de procurador dos tribunais na forma determinada pola propia lei. Pola súa vez o apartado 4 establece que para poder inscribirse no Colexio profesional correspondente é requisito imprescindible obter dito título profesional. Por outra banda, o artigo 3.2 da Lei 2/1974, de 13 de febreiro, sobre Colexios Profesionais sinala que "será requisito indispensable para o exercicio das profesións terse incorporado ao Colexio Profesional correspondente cando así o estableza unha lei estatal".

A acreditación da solvencia non poderá realizarse mediante medios externos (art. 75.1 LCSP), pola natureza das prestacións. Trátase de servizos moi fortemente regulados (Lei Orgánica do Poder Xudicial, Leis procesuais de cada xurisdición, e normas que sobre a materia aprobaron as Comunidades Autónomas no exercicio das súas competencias), e a súa propia normativa xa esixe uns requisitos de formación, colexiación obrigatoria, suficiencia de medios, dilixencia profesional, riscos no desempeño das funcións, etc., inherentes ao procurador/a, que xustifican esta excepción. Agás supostos moi concretos as prestacións son persoais, e as realizan directamente os/as adxudicatarios, polo que é a súa propia solvencia a determinante.

Praza do Rei, 1 36202 Vigo (Pontevedra) - (986) 81 02 19 - ofi.asegur@vigo.org



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 21/10/2024 11:05

Páxina 5 de 14

17501-111

CSV: A2AH5F-84E253-A1CD5E-BEGHKV-A3UZM9-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

## ASESORÍA XURÍDICA

## CONCELLO DE VIGO



Tampouco resulta aplicable a concorrência en UTE. Os/as licitadores que poden presentar ofertas neste procedemento son profesionais da Procura, de colexiación obrigatoria, cunhas funcións limitadas polas normas procesuais e sometidos ás de funcionamento colexial e regulamentario. Non son sociedades, malia que algún deles poida presentar unha oferta pese a formar parte dunha sociedade limitada profesional ou unha sociedade de natureza civil. Non determina o cambio de natureza xurídica do/a contratista, posto que o obxecto das prestacións do contrato só pode exercerse por profesional colexiado, quen presenta a oferta.

### **Medios persoais e materiais a adscribir á execución do contrato**

Oficina ou despacho aberto e vinculado ao seu nome radicado na mesma provincia do partido xudicial ou sede que se corresponda con cada lote.

Acreditarase mediante a presentación do título de propiedade, contrato de alugueiro ou calquera título válido en dereito que acredite a dispoñibilidade material e efectiva da oficina ou despacho e a súa vinculación profesional co licitador.

Xustificación: Considerase necesario co fin de garantir o desprazamento persoal inmediato do Procurador/a cando sexa preciso á sede física dos Xulgados/Órganos xudiciais ou especiais perante os que desenvolvan as funcións propias da profesión de procurador. Esta proximidade posibilita a súa presenza física habitual nas sedes dos órganos xudiciais, así como un tempo de resposta rápido para resolver as incidencias que puidesen xurdir na xestión dos procedementos xudiciais.

## **6. CRITERIOS DE VALORACIÓN E XUSTIFICACIÓN**

A adxudicación en cada un dos lotes efectuarase por unha pluralidade de criterios baseados na mellor relación calidade-prezo (art. 131.2 LCSP).

En todo caso, ao tratase dun contrato de servizos do Anexo IV, tamén se ten en conta o disposto no artigo 145.4 parágrafo segundo da LCSP, prevendo que a valoración dos criterios de calidade (excluído o prezo) representan polo menos o 51% da puntuación total asignable na valoración das ofertas.

O prezo non será o único factor determinante da adxudicación (40%). Segundo o artigo 1.2 do Real Decreto 434/2024, de 30 de abril, o arancel de dereitos dos profesionais da Procura ten carácter de máximo e prohibe a fixación de límites mínimos para as cantidades devengadas en aplicación do arancel en relación coas distintas actuacións profesionais desenvolvidas.

Atendendo á natureza mesma do contrato, a organización do servizo, a metodoloxía e/ou procedementos de actuación do futuro adxudicatario van incidir directamente no desenvolvemento das funcións propias da Asesoría Xurídica, polo que resulta de interese que o licitador presente unha memoria técnica na que describa o modelo proposto de

Praza do Rei, 1 36202 Vigo (Pontevedra) - (986) 81 02 19 - ofi.asegur@vigo.org



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 21/10/2024 11:05

Páxina 6 de 14

17501-111

CSV: A2AH5F-84E253-A1CD5E-BEGHKV-A3UZM9-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



## ASESORÍA XURÍDICA

## CONCELLO DE VIGO



prestación do servizo, facendo alusión á forma de aplicación dos medios persoais, técnicos e materiais na súa execución.

Preténdese avaliar con este criterio a adaptación da proposta técnica ás necesidades de realización das prestacións que require a execución do contrato e o nivel de coñecemento dos traballos obxecto de contratación, en aras a unha prestación óptima e de alta calidade e que coadxuve e facilite as funcións desta Asesoría Xurídica municipal tendo en conta que imperan prazos xudiciais breves e de natureza perentoria. Asemade, a formulación e ponderación dada a este criterio, tendo en conta o carácter das prestacións a realizar e o estado de transformación dixital e procesual da Administración de Xustiza, permitirá a toma en consideración de propostas de traballo novidasas e adaptadas ás necesidades, que aporten un valor engadido á calidade do contrato.

Asemade, se persigue avaliar positivamente o coñecemento das peculiaridades de certos asuntos xudiciais que entrañan maior dificultade e a súa formación. Se ben os procedementos xudiciais que teñen entrada son diversos, ao estarmos ante unha administración pública existe un grupo deles que teñen unha importante autonomía, transcendencia ou interese económico litixioso. Por outra banda, a existencia de coñecementos propios de cada orde xurisdiccional, os habituais cambios legislativos e a recente revolución tecnolóxica que está experimentando a Administración de Xustiza obriga aos procuradores a estar en constante formación. A avaliación destes criterios suporá unha maior garantía de calidade e de coñecemento que redundará na realización do proceso con maior facilidade e axilidade, utilizando con pericia aqueles coñecementos específicos sobre procedementos, instancias e trámites que posúa.

Estes criterios de calidade representan un 60%.

En base ao anterior, establécense os seguintes criterios:

### A) Criterios avaliábeis mediante xuízo de valor:

#### **1. Proposta de medios técnicos, organización e funcionamento das tarefas: ata 20 puntos.**

Valorarase a adaptación das propostas presentadas e axustadas ás necesidades da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo (correspondendo con carácter orientativo e mínimo: a recollida de escritos de personamento, presentación de personamentos perante os Xulgados e Tribunais, traslado e presentación de expedientes, seguimento do despacho de notificacións e recollida dos documentos, traslado da documentación á Asesoría Xurídica e información do estado dos expedientes), a coordinación de tarefas coa Asesoría Xurídica, a análise e valoración dos trámites e tarefas e o grao de dixitalización ofertado.

A proposta incorporará dous apartados independentes que se valorarán por separado:

Praza do Rei, 1 36202 Vigo (Pontevedra) - (986) 81 02 19 - ofi.asegur@vigo.org



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/10/2024 11:05	Páxina 7 de 14
17501-111	CSV: A2AH5F-84E253-A1CD5E-BEGHKV-A3UZM9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

## ASESORÍA XURÍDICA

## CONCELLO DE VIGO



a) Medios técnicos e materiais que o licitador se compromete a adscribir á execución do contrato distintos dos esixidos no apartado IV do PPT. Deberán presentar un listado coas características dos bens (eludindo a mención ás marcas e modelos identificables), con descrición da súa aplicación ou utilidade na execución do contrato. **Ata 8 puntos.**

b) Plan de traballo, que inclúe a metodoloxía das tarefas, a súa programación, os medios propostos de coordinación coa Asesoría Xurídica e posibles mecanismos de seguimento, análise, estatística e valoración dos traballos realizados. **Ata 12 puntos.**

*Requisitos para a presentación da documentación relativa a este criterio:* Para a presentación dixital da documentación deste criterio deberase achegar un único arquivo dixital cun límite máximo de 10 páxinas (na cuantificación deste documento se terán en conta todas as páxinas que o compoñen, incluíndo índices, portadas e/ou gráficos).

Toda aquela proposta de medios técnicos, organización e funcionamento das tarefas que supere as anteriores limitacións, será obxecto de valoración técnica, pero a puntuación será minorada nun 25% dos puntos asignados ao citado criterio.

### B) Criterios avaliáveis a través de fórmula:

#### **1. Redución de puntos porcentuais sobre as contías máximas fixadas polas disposicións arancelarias vixentes (porcentaxe único de redución): ata 40 puntos.**

A valoración deste criterio efectuarase da seguinte forma:

- A proposición que oferte a maior baixa recibirá 40 puntos.
- A proposición que non oferte baixa será puntuada con 0 puntos.
- As demais proposicións valoraranse aplicando a regra proporcional inversa.

#### **2. Número de procedementos xudiciais nos que o procurador/a ostentou a representación procesual ante os Xulgados e Tribunais da orde xurisdiccional contencioso-administrativa en asuntos de maior entidade: ata 20 puntos.**

A puntuación distribuirase consonte a seguinte escala:

- a) Asuntos con contía fixada superior a 250.000 euros: **ata 5 puntos.**
- b) Asuntos nos que o obxecto do recurso fose unha disposición administrativa de carácter xeral e municipal, regulamento ou ordenanza fiscal ou instrumento de planeamento urbanístico: **ata 5 puntos.**
- c) Asuntos relativos á impugnación indirecta dunha disposición administrativa de carácter xeral e municipal, regulamento ou ordenanza fiscal ou instrumento de planeamento urbanístico, ou a nunha cuestión de ilegalidade plantexada polo órgano xurisdiccional: **ata 5 puntos.**

Praza do Rei, 1 36202 Vigo (Pontevedra) - (986) 81 02 19 - ofi.asegur@vigo.org



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/10/2024 11:05	Páxina 8 de 14
17501-111	CSV: A2AH5F-84E253-A1CD5E-BEGHKV-A3UZM9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## ASESORÍA XURÍDICA

CONCELLO  
DE VIGO



d) Asuntos relativos a protección dos dereitos fundamentais, de relevancia constitucional (recurso de amparo, cuestións de inconstitucionalidade), ou cuestións prexudiciais plantexadas polo órgano xurisdiccional: **ata 5 puntos.**

Outorgarase 0,50 puntos por cada procedemento xudicial cun máximo de 5 puntos aplicable a cada apartado.

Para a valoración deste criterio deberán achegarse os documentos que acrediten os asuntos e a súa contía ou obxecto (autos, sentenzas...). Se non se presenta a documentación acreditativa non se valorará.

### 3. Formación en materia procesual, civil, contencioso-administrativa, laboral ou penal do procurador/a: ata 20 puntos.

Por cada curso ou máster acreditado en ditas materias se concederá:

- a) de mais de 200 horas: 3 puntos.
- b) de mais de 100 horas: 2 puntos.
- c) de mais de 50 horas: 1 punto.
- d) de mais de 20 horas: 0,25 puntos.

A puntuación máxima a conceder por este criterio non poderá exceder de 20 puntos.

Para a valoración deste criterio achegaranse os certificados, títulos ou diplomas dos cursos ou másteres realizados, nos que conste o número de horas. Se non se presenta a documentación acreditativa non se valorará.

A maior puntuación determinará os profesionais seleccionados e adxudicatarios para cada lote.

En canto á posible concorrencia dun empate, e conforme ao art. 147 da LCSP, xustifícase a inaplicación dos criterios específicos para o desempate recollidos no mesmo, e da inaplicación tamén dos criterios sociais para resolvelo.

Os/as licitadores que poden presentar ofertas neste procedemento son profesionais da Procura, de colexiación obrigatoria, cunhas funcións limitadas polas normas procesuais e sometidos ás de funcionamento colexial e regulamentario. Non son sociedades, malia que algún deles poida presentar unha oferta pese a formar parte dunha sociedade limitada profesional ou unha sociedade de natureza civil. Non determina o cambio de natureza xurídica do/a contratista, posto que o obxecto das prestacións do contrato só pode exercerse por profesional colexiado, quen presenta a oferta.

Ao non tratarse de sociedades, non concorre ningún dos requisitos establecidos neste artigo para a fixación dos criterios de desempate. Non se trata de empresas cunha porcentaxe en plantilla de traballadores con discapacidade superior ao imposto pola

Praza do Rei, 1 36202 Vigo (Pontevedra) - (986) 81 02 19 - ofi.asegur@vigo.org



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/10/2024 11:05	Páxina 9 de 14
17501-111	CSV: A2AH5F-84E253-A1CD5E-BEGHKV-A3UZM9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

## ASESORÍA XURÍDICA

## CONCELLO DE VIGO



normativa. Tampouco de empresas de inserción conforme á Lei 44/2007. O contrato tampouco ten por obxecto prestacións asistenciais ou sociais, nin son proposicións presentadas por asociacións sen ánimo de lucro. Nin se presentan ofertas de entidades recoñecidas como Organizacións de comercio xusto.

Canto ao recollido na letra e) do art. 147.1 LCSP; proposicións presentadas por empresas que inclúan medidas de carácter social e laboral que favoreza a igualdade entre homes e mulleres. Ao tratarse na práctica totalidade dos casos de traballadores/as autónomos/as, sen traballadores/as ao seu cargo, non resulta posible establecelo. As tarefas auxiliares non forman parte substantiva das prestacións, e son as únicas que poden realizar persoas alleas á contratista.

Das previsións do art. 147.2 LCSP só o sorteo resulta (letra d) criterio de aplicación. Como xa se indicou que non se trata puramente de sociedades, non é esixible que contén con plantilla, nin que cumpran co número de traballadores discapacitados, nin en situación de exclusión social. Tampouco a modalidade de contratación temporal, nin a porcentaxe de mulleres empregadas. Resultaría pola contra, discriminatorio, limitaría a libre concorrència e a libre competencia (art. 1 LCSP) favorecendo a aqueles profesionais que liciten polo feito de integrarse nunha sociedade profesional ou civil, cuxa finalidade principal é a de compartir infraestrutura e distribuír os seus custes (Exp.motivos Lei 2/2007).

### 7. OFERTAS CON VALORES ANORMAIS (art. 149 LCSP)

Considerarase que son ofertas anormalmente baixas aquelas ofertas superiores ao valor resultante da suma de dez puntos porcentuais do valor da media aritmética das baixas ofertadas en valor porcentual.

As ofertas ordenaranse por orde decrecente do valor da baixa. Para o cálculo da media aritmética das baixas serán descartadas as seguintes ofertas:

- entre 3 e 5 ofertas admitidas: eliminarase só a oferta que conteña o valor máis alto.
- entre 6 e 10 ofertas admitidas: eliminaranse a oferta que conteña o valor máis alto e a que conteña o valor máis baixo.
- entre 11 e 15 ofertas admitidas: eliminaranse as dúas ofertas que conteñan o valor máis alto, aínda que o valor de baixa sexa idéntico e a que conteña o valor máis baixo.
- máis de 15 ofertas: eliminaranse as dúas ofertas que conteñan o valor máis alto, aínda que o valor de baixa sexa idéntico e as dúas ofertas que conteñan o valor máis baixo.

Entre os valores de baixa en euros non descartados será calculada a media aritmética e dito valor constituirá a media aritmética das baixas ofertadas. Será calculado en valor porcentual e aplicarase con dous decimais.

Praza do Rei, 1 36202 Vigo (Pontevedra) - (986) 81 02 19 - ofi.asegur@vigo.org



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 21/10/2024 11:05

Páxina 10 de 14

17501-111

CSV: A2AH5F-84E253-A1CD5E-BEGHKV-A3UZM9-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

ASESORÍA XURÍDICA

CONCELLO  
DE VIGO



## 8. CONDICIÓNES ESPECIAIS DE EXECUCIÓN (art. 202 LCSP)

Establécense neste contrato condicións especiais de execución de carácter medioambiental:

- Minimización do consumo de recursos naturais como materias primas e de combustibles.
- Minimización da xeración de residuos perigosos e non perigosos así como a súa reutilización ou reciclaxe.
- Os residuos susceptibles de reciclado se depositarán en colectores independentes para facilitar o seu tratamento.
- Toda a documentación que se xere (informes, partes de incidencias, etc.) como consecuencia da execución do contrato procurará distribuírse en soporte informático para minimizar ao máximo a súa impresión.

Preténdese velar pola conservación do medio ambiente, ademais de promover o uso de medios electrónicos. Así, a xustificación do establecemento destas condicións especiais de execución atópase dividida en dúas vertentes: (i) o deber ético de garantir a protección do medio ambiente e (ii) en relación co obxecto do contrato. Atendendo á natureza e tipo de prestacións materiais a desenvolver nos contratos derivados do acordo marco, considérase que o establecemento destas condicións especiais de execución son as que maior relación gardan co obxecto contractual. As prestacións a desenvolver, detalladas no PPT, implican o manexo e intercambio dun inxente volume de documentación, polo que o establecemento destas condicións especiais de execución se atopan relacionadas co obxecto do presente contrato dada a necesidade de reducir o uso do papel en toda aquela documentación relativa á execución do contrato así como de promover o mantemento e mellora dos valores medioambientais coa mínima xeración de residuos.

## 9. PRAZO DE GARANTÍA

Atendendo ás específicas características das prestacións obxecto do contrato, non procede fixalo (art. 107.1 LCSP).

## 10. GARANTÍAS ESIXIBLES

Non se esixe nin garantía provisional nin garantía definitiva aos adjudicatarios (art. 107.1 LCSP), por canto se esixe como solvencia a disposición dun seguro de indemnización por riscos profesionais por importe mínimo de 450.000 euros. En canto ao alcance do seguro de responsabilidade civil dos procuradores, a STS de 25/07/2014 (recurso nº 2287/2013), sinala "*o senso do seguro de responsabilidade civil profesional (...) é precisamente dotar*

Praza do Rei, 1 36202 Vigo (Pontevedra) - (986) 81 02 19 - ofi.asegur@vigo.org



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 21/10/2024 11:05

Páxina 11 de 14

17501-111

CSV: A2AH5F-84E253-A1CD5E-BEGHKV-A3UZM9-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

## ASESORÍA XURÍDICA

CONCELLO  
DE VIGO



ás actividades desempeñadas polos profesionais da Procura dunha garantía eficiente de responsabilidade fronte a terceiros, de modo que quen contrate a estes profesionais e lles confíen os seus intereses patrimoniais, contén coa seguridade de que serán economicamente resarcidos en caso de perdas derivadas directamente dunha mala praxis profesional, negligente ou voluntaria”.

### 11. SUBCONTRATACIÓN

Non se permite. Debe executarse polo adxudicatario considerando a habilitación necesaria, sen prexuízo da substitución dun procurador por outro (do art. 29 do RD 1281/2002) conforme ao compromiso do modelo de proposición, sen que iso implique ou xere a existencia de relación co procurador/a substituto/a nin de dereitos ao devengo dos honorarios.

### 12. MODIFICACIÓNS DO CONTRATO

Non se prevé.

### 13. RESPONSABLE DO CONTRATO

Mentres non se proceda á cobertura do posto vacante de Xefatura da Área Xudicial, a persoa responsable do contrato será quen ocupe o posto de *Titular da Asesoría Xurídica*, substituída pola persoa que ocupe o de *Letrado especialista*, nos casos previstos pola normativa.

### 14. SEGURO

Non se prevé seguro específico a maiores do esixido para a solvencia económica e financeira.

### 15. LUGAR DE PRESTACIÓN DO SERVIZO

Os traballos se realizarán no despacho profesional do procurador/a adxudicatario, quen deberá dispoñer dun despacho físico para o desenvolvemento dos traballos, ubicado na provincia do partido xudicial que se corresponda con cada lote.

### 16. DATA PREVISTA PARA O INICIO DO CONTRATO

O 1 de xaneiro do 2025.

Praza do Rei, 1 36202 Vigo (Pontevedra) - (986) 81 02 19 - ofi.asegur@vigo.org



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/10/2024 11:05	Páxina 12 de 14
17501-111	CSV: A2AH5F-84E253-A1CD5E-BEGHKV-A3UZM9-FD	

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

ASESORÍA XURÍDICA

CONCELLO  
DE VIGO



## 17. CESIÓN DE DATOS E DE DEREITOS DE PROPIEDAD INTELECTUAL OU INDUSTRIAL AO ADXUDICATARIO

O acceso aos datos de carácter persoal, necesarios para a prestación do servizo, non se considera comunicación de datos. E a execución do presente contrato non implica a cesión de dereitos de propiedade intelectual ou industrial ao adxudicatario.

## 18. OUTROS ASPECTOS A TER EN CONTA NA REDACCIÓN DO PCAP

### - Número de adxudicatarios

Lote 1: 4 procuradores para actuar no partido xudicial de Vigo.

Lote 2: 2 procuradores para actuar no partido xudicial de A Coruña.

Lote 3: 2 procuradores para actuar no partido xudicial de Madrid.

No caso de que en cada lote non se acade a anterior cifra (p.ex.; a presentación dunha única oferta para o Lote 3), non implicará que o lote quede deserto.

### - Procedemento para a adxudicación dos contratos derivados

A adxudicación dos contratos de servizos derivados deste acordo marco efectuarase directamente, sen necesidade de convocar ás partes a unha nova licitación, a cada un dos procuradores seleccionados para cada lote seguindo unha quenda rotatoria que se establecerá de conformidade coa orde de clasificación de cada lote -de maior a menor puntuación- das proposicións, obtida no procedemento de licitación do acordo marco.

Co fin de garantir unha adecuada cobertura da necesidade de representación procesual do Concello mediante procurador/a naqueles procedementos xudiciais que o estime pertinente a Asesoría Xurídica, como unidade xestora do contrato, propondrá ao/á Concelleiro/a de Área de Xestión Municipal a adxudicación a cada procurador/a do correspondente contrato de servizos, o que se comunicará ao correspondente procurador/a.

### - Obrigas do contratista

1. Dispor dos seguintes medios técnicos para a execución do contrato, coas especificacións do PPT:
  - Equipo informático axeitado e suficiente con correo electrónico.
  - Medios de contacto telefónico; fixo e móbil.

Praza do Rei, 1 36202 Vigo (Pontevedra) - (986) 81 02 19 - ofi.asegur@vigo.org



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 21/10/2024 11:05

Páxina 13 de 14

17501-111

CSV: A2AH5F-84E253-A1CD5E-BEGHKV-A3UZM9-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

## ASESORÍA XURÍDICA

CONCELLO  
DE VIGO



- Impresora e fotocopiadora en cor.
- Escáner con capacidade de almacenamento en formato PDF.
- Sistema de arquivo.

2. Designar un procurador colexiado que substitúa ó adxudicatario no caso de imposibilidade para o exercicio das prestacións obxecto do contrato. Deberá comunicar esta circunstancia ó responsable do contrato no mesmo día ou, de non ser posible, no seguinte día hábil.

### 19.- CONDICIÓNES ESPECIAIS DE COMPATIBILIDADE

Non procede.

### 20.- CONFLITO DE INTERESES

O persoal técnico que subscribe declara non estar incurso en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado por Resolución da Concellería-Delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal de data 3 de marzo de 2021, no marco do desenvolvemento do Plan de Integridade na Contratación.

Asemade, a concelleira da área de goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, subscribe declaración de non estar incurso en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado pola Xunta de Goberno Local por Resolución da concellería delegada de Xestión Municipal de data 24 de febreiro de 2021 e no Plan de Integridade na Contratación.

Vigo, na data das sinaturas dixitais

A Técnica de Xestión.

O Letrado especialista da orde social, civil, contenciosa e mercantil.

A Letrada-Xefa de Asesoramento.

Conforme,

A Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (Resolución da Alcaldía-Presidencia do 19 de xuño do 2023 e Acordo da Xunta do Goberno local do 22 de xuño do 2023 de estrutura das área de goberno municipais e de delegación de competencias, e posteriores modificacións - BOPPO núm. 134 de 10 de xullo do 2024, últimas modificacións vixentes -). Data e sinatura dixital.

Praza do Rei, 1 36202 Vigo (Pontevedra) - (986) 81 02 19 - ofi.asegur@vigo.org



Copia do documento - Concello de Vigo  
17501-111

Data impresión: 21/10/2024 11:05

Páxina 14 de 14

CSV: A2AH5F-84E253-A1CD5E-BEGHKV-A3UZM9-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>